



**SEGURIDADE E MOBILIDADE**

**EXPTE: 98714/210**

**PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS DO  
CONTRATO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE  
VEHÍCULOS E PERSOAS MEDIANTE  
SINALIZACIÓN VIARIA NA CIDADE DE VIGO.**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 26/04/2017 11:28

Páxina 1 de 40

Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017

Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

## ÍNDICE

<a href="#">Art. 1.- Obxecto.....</a>	3
<a href="#">Art. 2.- Servizos.....</a>	3
<a href="#">2.1.- O servizo de sinalización viaria.....</a>	3
<a href="#">2.2.- O servizo de sinalización de urxencias e eventos especiais.....</a>	4
<a href="#">Art. 3 Contido prestacional do servizo de sinalización viaria.....</a>	6
<a href="#">3.1.- O subministro, transporte e instalación.....</a>	6
<a href="#">3.2.- As operacións de conservación.....</a>	6
<a href="#">3.3.- Conservación preventiva.....</a>	8
<a href="#">3.4.- Tarefas complementarias de xestión administrativa e técnica.....</a>	8
<a href="#">Art. 4 Tempo de prestación dos servizos. Horarios.....</a>	10
<a href="#">Art. 5 Características e especificacións das ordes de traballo.....</a>	10
<a href="#">Art. 6 Características e especificacións técnicas das instalacións, dos equipamentos e dos traballos.....</a>	12
<a href="#">6.1.- Sinalización vertical.....</a>	12
<a href="#">6.2.- Valados metálicos de contención de vehículos con perfil en forma de dobre onda.....</a>	12
<a href="#">6.3.- Elementos de balizamento.....</a>	12
<a href="#">6.4.- Marcas viarias.....</a>	13
<a href="#">6.5.- Plan de ensaios.....</a>	13
<a href="#">Art. 8 Aplicación informática. Medios telemáticas.....</a>	14
<a href="#">ANEXO I: CADRO DE PREZOS UNITARIOS.....</a>	17
<a href="#">ANEXO II: INDICADORES DE CALIDADE DO SERVIZO.....</a>	32
<a href="#">ANEXO III: RELACIÓN DE MATERIAL DE SINALIZACIÓN CIRCUNSTANCIAL.....</a>	39
<a href="#">1.- Relación de material necesario.....</a>	39
<a href="#">2.- Inventario de material dispoñible no concello.....</a>	39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 2 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE VEHÍCULOS E PERSOAS MEDIANTE SINALIZACIÓN VIARIA NA CIDADE DE VIGO.**

### **Art. 1.- Obxecto**

Este Prego ten por obxecto determinar as condicións técnicas da licitación e posterior execución do contrato de xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante sinalización na cidade de Vigo que o Concello ten asumida como competencia propia, co fin de garantir a maior comodidade, seguridade, fluidez e sostenibilidade daquela mediante a prestación dos servizos que se establecen no propio Prego.

Con fundamento preciso no art. 25.2 g) da Lei 7/85 de bases do réxime local, arts 2, 7, 53 a 58 da Lei de Tráfico aprobada polo RDL 6/15, arts. 149 a 172 do RD 1428/03 polo que se aproba o regulamento xeral de circulación, art. 3.1 do RD 1372/86 polo que se aproba o regulamento de bens das EELL e demais concordantes cos expresamente citados, o Concello de Vigo asume esta competencia como propia no sentido establecido polo art. 7, apartados 1 e 2 da Lei 7/85.

### **Art. 2.- Servizos.**

En ningún caso se entenderá comprendido no obxecto do contrato a sinalización do ámbito propio do servizo público de regulación do estacionamento en vía pública mediante parquímetros.

#### **2.1.- O servizo de sinalización viaria**

O servizo de sinalización viaria ten por obxecto realizar os traballos de asesoramento, subministro, almacenamento, transporte, instalación, aplicación, conservación, revisión, reposición, retirada e substitución da sinalización cuxa responsabilidade corresponda, antes da súa celebración e durante a execución do contrato, ao Concello de Vigo segundo a normativa citada no artigo anterior.

Non obstante o anterior, a sinalización incorporada ao inventario municipal en virtude de obras executadas por terceiros dará lugar ao dereito do contratista a facturar con cargo a aqueles as tarefas de inspección previa, conformidade, delineación e incorporación ao inventario, e inspección sucesiva en período de garantía ordenadas polo responsable do contrato.



Así mesmo, comprenden as seguintes actividades auxiliares indispensables para acadar o bo desempeño daqueles: xestión administrativa e técnica, e inventario.

## **2.2.- O servizo de sinalización de urxencias e eventos especiais.**

O servizo de sinalización de urxencias e eventos especiais ten por obxecto atender as necesidades de delimitación de vías e espazos públicos ante a situacóns, a) que afecten de modo inmediato e directo á seguridade e b) que impliquen a celebración de eventos públicos sen ánimo de lucro; en ambos os dous casos coa finalidade de protexer tanto ao público como ao mobiliario urbano, zonas verdes e demais elementos cuxa conservación e policía corresponda ao Concello.

2.2.1.- A xestión do servizo de urxencias e eventos baséase nos seguintes elementos:

- Valados, cadeas e candados.
- Conos, balizas.
- Ordes de servizo.
- Depósito e taller de mantemento.
- Sistemas de comunicación entre os equipos de traballo do contratista e o responsable do contrato.

2.2.2 Actualmente o Concello dispón dun material para sinalización circunstancial relacionado no Anexo III, que serán cedidos ao contratista para a execución do contrato. A tal efecto, dentro dos 10 días seguintes á iniciación da prestación, farase entrega daquelas ao contratista, deixando constancia en acta da entrega e recepción.

O contrista aportará ao menos o material relacionado no Anexo III, sendo responsable do mantemento e conservación do mesmo.

A efectos da reversión de todo o material adscrito ao servizo, dentro dos trinta días inmediatos anteriores á data de conclusión do contrato o Concello e o contratista levantarán acta de recepción de conformidade.

### 2.2.3 Ordes de servizo.

A sinalización de eventos poderá xerar ordes de entrega e retirada de valados e demais sinalización, soas ou acompañadas da colocación segundo as necesidades.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 4 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No primeiro caso, ás ordes comprenden o traslado, entrega e recollida dos citados elementos.

No segundo caso, ás ordes comprenden o traslado, entrega, despregue, agrupamento e recollida.

#### 2.2.4 Tipos de eventos.

Os actos e eventos obxecto do con trato comprenden non só os de carácter público organizados polo Concello, senón tamén aqueles outros que non resultando organizados polo Concello así se acorde polo responsable do contrato a instancia razoada da autoridade municipal competente.

#### 2.2.5 Ordes de traballo.

Segundo a natureza dos actos obxecto do contrato, ás ordes de traballo, a impartir polo responsable do contrato, poderán ser programadas ou urxentes.

As ordes de traballo programadas estarán rexistradas na aplicación informática e a disposición do contratista cunha antelación mínima de 1 día. O seu contido axustarase ás instrucións que a tal efecto se diten polo responsable do contrato.

As ordes de traballo urxentes, así apreciadas polo responsable do contrato en función de circunstancias imprevistas que non admiten demora na actuación pública, serán executadas polo contratista no prazo máximo de dúas horas desde a comunicación da orde de traballo, sen prexuízo da súa posterior constancia e rexistro da orde na aplicación informática.

O inicio e a conclusión das ordes de traballo, programadas ou urxentes, deberán rexistrarse en tempo real na aplicación informática. A tal efecto, os operarios e responsables da contrata deberán contar con, e facer uso de adecuados dispositivos electrónicos conectados.

#### 2.2.6 Depósito na vía pública.

As ordes de traballo que impliquen o depósito temporal de valado ou sinais na vía pública coidarán especialmente en evitar a) a afectación da mobilidade peonil atendendo singularmente as necesidades especiais das persoas con discapacidade, b) a incidencia no tráfico rodado, c) a ocupación de zonas verdes, os actos de vandalismo.

#### 2.2.7 Tempo de prestación do servizo.

O servizo de sinalización de eventos prestarase todos os días do ano, e normalmente en horario das 08:00 horas a 24:00 horas. Por necesidades do servizo debidamente apreciadas polo responsable do contrato, dito horario poderá ampliarse.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 5 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O depósito e taller para a prestación do servizo de sinalización de eventos estará situado en lugar adecuado segundo o criterio do propio contratista a efectos da más adecuada prestación do servizo e do cumprimento dos niveis de calidade exixibles.

## **Art. 3 Contido prestacional do servizo de sinalización viaria.**

O servizo de sinalización viaria esixe do contratista a realización de cantas actuacións resulten precisas para a realización do obxecto contractual segundo o estado da técnica vixente en cada momento, o disposto no presente Prego e demais documentos contractuais e as instrucións recibidas do responsable do contrato.

Todos os elementos de sinalización vertical, de balizamento e horizontal haberán de ser adquiridos, almacenados, custodiados, asegurados, transportados, subministrados, depositados e instalados ou aplicados por conta de e baixo a responsabilidade do contratista.

O establecemento ou establecementos dos que o contratista se valga para a prestación do servizo axustaranse en todo caso á normativa xeral o sectorial vixente en cada momento.

En particular o contratista ven obrigado a:

### **3.1.- O subministro, transporte e instalación.**

O subministro e transporte, así como a instalación por medios adecuados da sinalización vertical fixa ou circunstancial, así como dos seus elementos normalizados de sustentación incluída a obra civil de reposición e tratamiento residual de escombros e demais residuos.

3.1.1 As actuacións previas necesarias, tales como a localización, replanteo, disposición.

3.1.2 O subministro de pintura e demais materiais para a sinalización mediante marcas viarias, e a súa aplicación sobre as vías e espazos públicos, comprendendo todas as actuacións previas de replanteo e premarcaxe.

### **3.2.- As operacións de conservación**

As operacións de conservación ordinaria da sinalización vertical fixa, sinalización de balizamento e elementos normalizados comprehensivas:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 6 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

b) Do traslado para mellorar a súa funcionalidade (visibilidade, accesibilidade)

c) Da limpeza dos citados elementos.

d) Da completa retirada por supresión da sinalización correspondente, e o seu tratamiento residual –cando non corresponda a súa conservación en inventario– consonte á normativa vixente en cada momento.

3.2.1.- Nestas operacións de conservación ordinaria o contratista prestará especial atención ao estado de conservación de todo elemento de sinalización que en función do seu estado de deterioro e con independencia do seu orixe (oxidación, defectuosa execución, accidente, actos de vandalismo, etc.) poidan constituir un perigo concreto para a seguridade do tráfico, ás persoas ou as cousas.

A tal efecto, o responsable do contrato ditará dentro dos quince primeiros días contados desde a data do comezo da prestación, unha instrución sobre a prioridade nas actuacións de conservación.

En todo caso, as sinais verticais e os elementos de balizamento comprenderán unha garantía de:

a)Sinais de chapa de aceiro: Un ano.

b)Sinais de Aluminio: Dous anos

c)Postes de aceiro: Un ano

d)Postes de Aluminio: Dous anos.

e)Elementos de balizamento: Seis meses

3.2.2 As tarefas de conservación correctiva das marcas viais que comprenderán en todo caso as de premarcaxe, limpeza, repintado e/ou borrado das marcas viais existentes (por anulación, substitución, etc.).

Todas as marcas viais deberán repintarse coa periodicidade necesaria para manter os estándares mínimos de calidad esixidos segundo os materiais empregados, que comprenderán en todo caso os seguintes prazos de garantía:

a)Pintura acrílica en superficies de pavimentos bituminosos ou asfálticos: Catro meses.

b)Pintura acrílica en superficies de formigón ou adoquín: Dous mes.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 26/04/2017 11:28

Páxina 7 de 40

Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017

Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

c) Pintura termoplástica en quente en superficies de pavimentos bituminosos ou asfálticos: Dezaoto meses.

d) Pintura termoplástica en frío de dous componentes en superficies de pavimentos bituminosos o asfálticos: Vinte e catro meses

A utilización de novos materiais e a súa garantía esixirá resolución expresa do responsable do contrato.

### **3.3.- Conservación preventiva**

A realización de actuacións de conservación preventiva, que poden ser continuas o planificadas.

As revisións continuas responden ás funcións de verificacións e comprobacións de campo inherentes ás de vixilancia e control a cargo do persoal do contratista, co fin de corrixir (repoñer, trasladar, limpar, acondicionar, retirar, etc.) de xeito inmediato as deficiencias graves que observen sen necesidade de orden previa de traballo, nos termos previstos no presente Prego e nas instrucións ditadas a tal efecto polo responsable do contrato.

As revisións planificadas son as que resulten do Plan Anual de Revisións, a aprobar polo responsable do contrato a proposta motivada do contratista e que conterá como mínimo:

- a) Os elementos a revisar (por mostraxe ou sobre a totalidade dos elementos) e a súa periodicidade
- b) As metodoloxía de execución
- c) As actuacións e comprobacións técnicas (localización, dimensións, soporte, composición, aspecto xeral ...).

O Plan Anual de Revisións axustarase a modelo aprobado previamente polo responsable do contrato e entregaráse nos prazos determinados por esta.

Os resultados dos traballos de revisión anual determinarán a elaboración do Plan Anual de Conservación, a aprobar polo responsable do contrato a proposta do contratista, en que se establecerán cando menos: a) A planificación dos traballos de conservación respecto de cada elemento; b) A súa localización, estado e actuacións; c) Materiais a empregar; d) Propostas de mellora da sinalización, en termos funcionais e ambientais.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 26/04/2017 11:28

Páxina 8 de 40

Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017

Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

### **3.4.- Tarefas complementarias de xestión administrativa e técnica**

A realización de tarefas complementarias de xestión administrativa e técnica de incidencias e peticións de servizo, consultas e informes; e de apoio á xestión do inventario de sinais do Concello.

3.4.1 As tarefas de xestión administrativa comprenderán, consonte ás instrucións recibidas do responsable do contrato e preferentemente por medios electrónicos:

- a) A recepción diaria das solicitudes coa súa documentación anexa.
- b) A súa gravación e dixitalización na aplicación informática de xestión dos servizos do contrato.
- c) A indexación e tipificación dos respectivos documentos xeradores dos correspondentes expedientes.
- d) Dispoñibilidade dos documentos gravados e dixitalizados no prazo de 1 día.
- e) Anotación informática de cantes outros datos complementarios se precisen.
- f) Análises, estudo, tratamiento e impulso de todos os documentos dixitalizados.

3.4.2 As tarefas de xestión técnica comprenderán, consonte ás instrucións recibidas do responsable do contrato:

- a) A anotación informática das tarefas de sinalización no sistema de xestión de ordes e partes de traballo.
- b) Tratamento técnico (revisións dos elementos, elaboración de informes técnicos documentados) nos prazos máximos de un día para os avisos, e 3 para peticións de servizo e consultas e informes.

3.4.3 As tarefas de apoio á xestión do inventario comprenderán, consonte ás instrucións recibidas do responsable do contrato:

- a) Actualización da cartografía e edición de datos de sinalización procedentes de traballos requiridos polo Concello, no prazo de 4 días a contar desde o seguinte á emisión da correspondente orde de traballo.
- b) Actualización da cartografía e edición de datos de sinalización derivados de actuacións inspectoras, no prazo de 20 días desde a data da actuación.



- c) Actualización da cartografía e edición de datos de sinalización procedentes de actas de recepción de obras, no prazo de 20 días desde a recepción dos correspondentes planos.
- d) Consultas de históricos de sinais e fichas de elementos.
- e) Elaboración de planos de sinalización, situación actual e mellora.

## **Art. 4 Tempo de prestación dos servizos. Horarios.**

4.1.- As tarefas obxecto do contrato comprendidas no art. 3, apartados 3.1, 3.1.1, 3.2, 3.3 desenvolveranse en horario diúrno, entre ás 08:00 AM e as 18:00 PM.

4.2.- As tarefas obxecto do contrato comprendidas no art. 3, apartados 3.1.2 e 3..2.2 desenvolveranse en horario nocturno, entre ás 22:00 PM e as 06:00 AM.

Non obstante o anterior, as xornadas e os horarios dos traballos de borrado de marcas viarias determinaranse polo responsable do contrato en función das circunstancias concorrentes en cada caso.

4.3 A efectos da execución das prestacións do contrato, terase en conta o calendario laboral oficial e os convenios sectoriais vixentes.

4.4 Excepcionalmente, por necesidades puntuais do servizo debidamente apreciadas polo responsable do contrato, poderase modificar o horario de prestación do servizo así como acordar a súa extensión a días non laborables, sen que en ningún dos dous casos se entenda modificado o prezo do contrato.

## **Art. 5 Características e especificacións das ordes de traballo.**

Con carácter xeral todos os traballos realizaranse a requerimento do responsable do contrato.

Os traballos de conservación correctiva poden levar ou non orde previa do responsable do contrato na forma e casos previstos neste Prego.

A avaliación dos traballos obxecto do contrato e a conseguinte retribución do contratista axustaranse aos indicadores de calidade previstos no Anexo II deste Prego e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

5.1.- As ordes previas de traballo verificaranse normalmente a través da aplicación informática de xestión do servizo aportada polo contratista, sen prexuízo da comunicación por outros medios cando concorran razóns que así o xustifiquen deixando constancia da súa recepción polo contratista.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 10 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5.2.- A efectos da execución das prestacións, as ordes de traballo comprenden dúas fases sucesivas.

A primeira comprende a propia orde de traballo, a súa execución nos prazos establecidos e a emisión do correspondente parte de traballo para a súa aprobación ou rexeitamento polo responsable do contrato (Indicador 2 do Anexo II).

A segunda fase comprende as tarefas de delineación e incorporación á cartografía municipal nos prazos igualmente establecidos neste Prego (Indicador 3 do Anexo II).

Unha vez aprobados os traballos polo responsable do contrato, estes pasarán inmediatamente á facturación segundo o previsto neste Prego e no Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato.

5.3.- Os prazos establecidos nas ordes de traballo para a prestación do servizo responderán á seguinte clasificación:

- a)Actuacións moi urxentes: a executar no prazo máximo de dous horas.
- b)Actuacións urxentes: a executar no prazo máximo 24 horas.
- c)Actuacións moi necesarias: a executar no prazo máximo 48 horas.
- d)Actuacións normais: a executar no prazo de cinco días.
- e)Delineación e incorporación á cartografía municipal: 4 días laborais

Estes prazos enténdense como días laborais a contar desde a recepción da orden de traballo ou chamada telefónica nos casos urxentes e moi urxentes. O prazo para delineación e incorporación comeza a contar dende a aprobación do correspondente parte de traballo.

O responsable do contrato poderá establecer criterios complementarios de actuación consonte ás necesidades do servizo.

5.4.- Os partes de traballo serán autorizados polo responsable do contrato a través do servizo de inspección, e servirán de base para a formulación das correspondentes relacións valoradas de traballos executados.

5.5.- Corresponde ao contratista a inmediata comunicación ao responsable do contrato, a través da aplicación informática, de calquera incidencia determinante da imposibilidade de executar os traballos ordenados, a efectos da súa valoración e interrupción, se procede, do cómputo do prazo previsto no correspondente indicador de calidad.

5.6.- Na execución dos traballos de instalación ou conservación, o contratista ven obrigado a:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 11 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- a) obter os permisos correspondentes e observar ás normas municipais relativas a execución de traballos na vía pública;
- b) cumplir a normativa xeral e sectorial en materia de prevención de riscos laborais;
- c) dar o correspondente tratamento medioambiental aos residuos de todo tipo que xere dita actividade.

## **Art. 6 Características e especificacións técnicas das instalacións, dos equipamentos e dos traballos.**

En todos os casos en que neste Prego se mencionan normas UNE, entenderanse incluídas as normas equivalentes á citada expresamente.

### **6.1.- Sinalización vertical**

Os sinais verticais cumplirán as seguintes especificacións:

- a)Soporte: o soporte empregado na fabricación de sinais será de chapa de aceiro galvanizada e cumplirá os requisitos especificados na norma UNE 135.313.
- b)Zona non retrorreflectante: esta zona poderá estar constituída por pinturas, vinilos non retrorreflectantes ou tintas e cumplirá os requisitos especificados na norma UNE 135.331
- c)Zona retrorreflectante: esta zona estará constituída por láminas retrorreflectantes e cumplirá os requisitos especificados respecto diso nas normas UNE 135334 ou UNE 135.340
- d)Os elementos de sustentación constituídos por postes, abrazaderas, tornillería... cumplirán os requisitos especificados respecto diso nas normas UNE 135.312 e UNE 135.314.
- e)En canto a súa forma, dimensión e colores, deseño, símbolos e significado estarase ao disposto no Catálogo Oficial de Sinais de Circulación.

Ademais, todas as sinais dispoñerán do marcado CE, segundo norma UNE EN 12899-1 consonte ao Regulamento de Produtos da Construcción (UE) 305/2011 do Consello das Comunidades Europeas.

### **6.2.- Valados metálicos de contención de vehículos con perfil en forma de sobre onda.**

Cumprirán as especificacións da norma UNE EN 1317, e disporán do marcado CE segundo norma UNE EN 1317-5 consonte ao Regulamento de Produtos da Construcción (UE) 305/2011 do Consello das Comunidades Europeas.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 12 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### **6.3.- Elementos de balizamento.**

Os elementos de balizamento cumplirán os requisitos especificados nas seguintes normas:

- a)UNE EN 1463: Materiais para sinalización viaria horizontal. Captafaros retrorreflectantes.
- b)UNE 135.360: Sinalización vertical. Balizamento. Fitos de vértice en material polimérico. Características, dimensóns e métodos de ensaio.
- c)UNE 135.362: Sinalización vertical. Balizamento. Fitos de aresta de policloruro de vinilo (PVC). Características, medidas e métodos de ensaio.
- d)UNE 135.363: Sinalización vertical. Balizamento. Balizas cilíndricas permanentes en material polimérico. Características, medidas e métodos de ensaio.
- e)UNE 135.366: Sinalización vertical. Captafaros verticais. Características e métodos de ensaio.

Ademais, os fitos de aresta dispoñerán do marcado CE, segundo a norma UNE EN 12899-3 e os captafaros de sinalización horizontal, segundo a norma UNE EN 1463, en cumprimento co Regulamento de Produtos da Construcción (UE) 305/2011 do Consello das Comunidades Europeas.

### **6.4.- Marcas viarias.**

As marcas viarias estarán constituídas por:

- a)Pintura: poderanse emplegar pinturas convencionais, acrílicas ou alcidicas, termoplásticos en quente ou plásticos de dous compoñentes de aplicación en frío. En todos os casos cumplirase o especificado nas normas UNE EN 1871 e UNE EN 12802.
- b)Microesferas e agregados antideslizantes, que cumplirán os requisitos especificados na norma UNE EN 1423.

### **6.5.- Plan de ensaios**

Con carácter anual e con cargo á conta de resultados do contratista adxudicatario elaborarase un plan de ensaios, convenientemente valorado, dos distintos elementos e materiais, así como das características das sinais instaladas, por un presupuesto mínimo do 1% da anualidade do contrato.

Dito plan de ensaio deberá ser aprobado polo responsable do contrato.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 13 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **Art. 7 Equipos de traballo mínimos para a prestación do servizo.**

### **7.1.- Equipos de sinalización horizontal**

A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá contar con dous equipos de sinalización horizontal formados por Xefe de equipo e dous operarios especializados, todos eles con plena capacidade para realizar traballos diúrnos e nocturnos segundo a programación que se aprobe.

Terán, ademais, plena operatividade para a execución dos traballos urxentes de reparacións provisionais ou definitivas.

### **7.2.- Equipos de sinalización vertical**

A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá contar cun equipo de sinalización vertical composto por un Xefe de equipo e operario especializado, todos elos con plena capacidade para realizar traballos diúrnos e nocturnos segundo a programación que se aprobe.

Terán, ademais, plena operatividade para a execución dos traballos urxentes de reparacións provisionais o definitivas.

### **7.3.- Equipo de sinalización de eventos especiais.**

A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá contar cun equipo composto por un Xefe de equipo e dous operarios especializados, todos elos con plena capacidade para realizar traballos diúrnos y nocturnos segundo la programación que se aprobe.

Terán, ademais, plena operatividade para a execución dos traballos urxentes.

### **7.4.- Equipo de sinalización por urxencias.**

A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá contar cun Xefe de equipo en plena operatividade para a execución dos traballos urxentes. Disporase de operarios para apoio dunha urxencia nos casos necesarios.

## **Art. 8 Aplicación informática. Medios telemáticas.**

8.1.- A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá contar coas ferramentas informáticas adecuadas.

O Contratista proverá ao Concello, no prazo máximo de 1 mes desde a data de formalización en documento administrativo do contrato, e á súa costa, todas as aplicacións e licenza informáticas necesarias que funcionarán en modo multiusuario,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 14 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

para xestionar a base de datos de toda a sinalización vertical e horizontal, software de debuxo, eventos especiais así como a xestión das ordes de traballo.

Os requisitos mínimos desta aplicación informática GIS son os seguintes:

- a) Poder importar a base de datos actual de todos os elementos do inventario sobre a cartografía municipal, así como o histórico dos devanditos elementos.
- b) Elaborar as ordes de traballo diárias sobre os elementos contidos no inventario, que son entregadas ao contratista. Esta funcionalidade inclúe: a posibilidade de achegar imaxes xustificativas das actuacións propostas; o sistema de validación e modificación dos contidos iniciais das ordes por parte dos técnicos da Sección de Sinalización; así como o rexistro das datas que definen o proceso de validación de cada orde de traballo, desde a súa emisión ata a súa certificación.
- c) Realizar as valoracións económicas de cada unha das ordes executadas e elaborar a relación valorada, base das certificacións mensuais.
- d) Aportar de forma operativa e sinxela datos estatísticos relativos á sinalización e os partes de traballo.
- e) Rexistrar e xestionar o histórico de altas e baixas habidas nos elementos de sinalización vertical e horizontal, balizamento e defensa contemplados no presente Contrato, así como as sucesivas actuacións de mantemento ou modificación sobre os mesmos, quedando rexistro de todas e cada unha das datas de actuación.
- f) Emitir de forma sinxela e operativa, informes e cartografía da situación e estado que teñen ou tiñan os elementos inventariados nunha localización e data histórica concretas.
- g) No caso da sinalización horizontal, o programa debe aportar a medición exacta, en metros (liñas), metros cadrados (superficies) ou unidades de cada elemento de sinalización inventariado. Tendo en conta a diferente morfoloxía das marcas viarias e a distinta separación entre os seus elementos. O programa debe permitir a fácil aplicación de factores de conversión ás medidas rexistradas en función do elemento instalado, co fin de servir de base para a facturación das operacións de conservación de marcas viarias de acordo co cadro de prezos do presente Contrato.
- h) Poder realizar orzamentos.
- i) Poder exportar de forma sinxela e operativa todos os datos contidos na aplicación a un formato estándar de transmisión de datos, así como a formato para software de xestión de debuxo no caso dos datos gráficos.



j) Permitir distintos perfís de usuario, que se definirán segundo os requisitos que en cada caso determine o responsable do contrato.

k) Con obxecto de poder levar un control dos materiais existentes no almacén, o Contratista poderá xestionar as existencias novas ou usadas do almacén, que manterá ao día anotando as altas e baixas.

l) Os datos da sinalización horizontal e vertical (xeometrías e atributos) deberán poderse exportar de forma automatizada á base de datos GIS municipal (Postgis). Por este motivo deberán ofrecerse servizos estándar de integración, ou comunicación de datos automatizados, como web services con exportación dos datos da sinalización horizontal e vertical en formatos estándar GIS como o Shapefile ou servizos estándar OGC como o WFS.

O programa elaborarase de acordo co responsable do contrato, presentándose a tal efecto unha proposta que poderá ser rexeitada no caso de non reunir os requisitos necesarios para cumplir os obxectivos do mesmo.

En todo caso, o programa queda expresamente suxeito á cláusula de adecuación permanente ao progreso tecnolóxico.

Corresponde ao contratista tamén formar ao persoal do Concello no manexo da solución informática proposta e as súas actualizacións.

Toda a documentación que xere será propiedade exclusiva do Concello de Vigo, quedando expresamente prohibida a súa utilización polo contratista fora do ámbito de execución do contrato.

O contratista ven obrigado a respectar a lexislación básica en materia de protección de datos de carácter persoal.

**8.2.- A efectos da realización das prestacións obxecto do contrato, o contratista deberá por a disposición do persoal do Concello encargado da xestión do contrato medios electrónicos adecuados e conectados (computadoras, tablets, teléfonos).**

### Data e sinatura dixital



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 16 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANEXO I: CADRO DE PREZOS UNITARIOS

A retribución do contratista, de carácter mensual, basearase na medición das unidades correctamente executadas por orde do responsable do contrato o por iniciativa do contratista segundo o disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e/ou no Prego de Prescripcións Técnicas, sobre as que se aplican os prezos que figuren no cadro de prezos e, no seu caso, a baixa ofertada polo contratista adxudicatario.

Sobre o prezo así obtido, deducirase o 7,5 por cento mensual como retribución diferida e vinculada á dilixente execución dos traballos, segundo o disposto no Prego de Prescripcións Técnicas e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (art. 87.4 do RDL 3/11).

### SINALIZACION HORIZONTAL

Nº ORDEN	UD	CONCEPTO	PREZO S/ IVE
<b>PINTURA ACRILICA O SEM. TIPO CIDADE REFLEXIVA (Calquera cor, aplicación MECANICA)</b>			
1	ML	Premarcaxe de banda	0,08 €
2	ML	Banda 10cm, realmente pintada	0,31 €
3	ML	Banda 15cm, realmente pintada	0,39 €
4	ML	Banda 20cm, realmente pintada	0,52 €
5	ML	Banda 25cm, realmente pintada CARRIL BICI	0,75 €
6	ML	Banda 30cm, realmente pintada	0,93 €
7	M2	Paso peóns en tacos 500*500mm	17,34 €
8	M2	Paso peóns e resto pintura non incluida en prezos anteriores	8,67 €
<b>PINTURA PLASTICO DOUS COMPOÑENTES REFLEXIVA (Calquera cor, aplicación MECANICA OU MANUAL)</b>			
9	ML	Premarcaxe de banda	0,08 €
10	ML	Banda 10cm, realmente pintada	1,10 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 17 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

11	ML	Banda 15cm, realmente pintada	1,34 €
12	ML	Banda 20cm, realmente pintada	1,64 €
13	ML	Banda 25cm, realmente pintada CARRIL BICI	2,28 €
14	ML	Banda 30cm, realmente pintada	2,90 €
15	M2	Paso peóns en tacos 500*500mm	35,52 €
16	M2	Paso peóns e resto pintura non incluida en prezos anteriores	17,76 €

#### **PINTURA TERMOPLASTICO EN QUENTE (Calquera cor, aplicación MECANICA)**

17	ML	Premarcase de banda	0,08 €
18	ML	Banda 10cm, realmente pintada	1,02 €
19	ML	Banda 15cm, realmente pintada	1,26 €
20	ML	Banda 20cm, realmente pintada	1,50 €
21	ML	Banda 30cm, realmente pintada	2,70 €

#### **BANDAS SONORAS (con pintura termoplastica en quente, aplicada por extrusión, REFLEXIVA)**

22	ML	Banda lonxitudinal 10cm (vanos de 20cms)	1,16 €
23	ML	Banda lonxitudinal 15cm (vanos de 10cms)	1,38 €
24	ML	Banda lonxitudinal 20cm (vanos de 10cms)	1,56 €

#### **ESMALTE POLIURETANO**

25	M2	Pintura esmalte poliuretano doble capa con arido	30,20 €
----	----	--	---------

#### **ELIMINACION SINALIZACION ANTIGA**

26	M2	Eliminación (pintura convencional) con pintura negra	7,55 €
27	M2	Eliminación (pintura gris con arido) con duas mans	14,74 €
28	M2	Eliminación (pintura calquera tipo) con fresadora	22,14 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2017 11:28	Páxina 18 de 40
Aprobado en Xunta de Goberno do 12/04/2017	Código de verificación: 23EC4-B24DC-45B4D-8E45B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

